

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 23

ANUNCIO

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria de data 31 de decembro do 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante no termo municipal de Cambre

A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos nos artigos 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cambre, 5 de xuño de 2019

O alcalde en funcións

Óscar A. García Patiño

2019/4666